

## I. DISPOSICIÓN XERAIS

### MINISTERIO DA PRESIDENCIA

**17861** *Real decreto 1440/2010, do 5 de novembro, polo que se aproba o Estatuto do Consello de Seguridade Nuclear.*

O Consello de Seguridade Nuclear é un ente de dereito público, independente da Administración xeral do Estado, con personalidade xurídica e patrimonio propio e independente dos do Estado, creado pola Lei 15/1980, do 22 de abril, de creación do Consello de Seguridade Nuclear, como único organismo competente en materia de seguridade nuclear e protección radiolóxica. Segundo a dita lei, o ente público rexeráse por un estatuto propio, elaborado polo Consello e aprobado polo Goberno, de cuxo texto dará traslado ás comisións competentes do Congreso e do Senado antes da súa publicación.

O Real decreto 1157/1982, do 30 de abril, polo que se aproba o Estatuto do Consello de Seguridade Nuclear, concreta a estrutura, organización, funcións e réxime xurídico do organismo segundo as previsións establecidas con carácter xeral na propia lei constitutiva, Lei 15/1980, do 22 de abril.

No tempo transcorrido desde a aprobación do estatuto producíronse múltiples reformas no marco normativo que afecta o Consello de Seguridade Nuclear, algunhas directamente relacionadas co seu réxime xurídico de actuación, que impactaron na súa lei de creación, como a publicación dunha lei de financiamento das súas actividades (a Lei 14/1999, do 4 de maio, de taxas e prezos públicos por servizos prestados polo Consello de Seguridade Nuclear), e outras, derivadas de reformas en leis sectoriais, como as que incidiron nestes anos na Lei 25/1964, do 29 de abril, sobre enerxía nuclear. Todo iso conduciu a amplos cambios funcionais na actividade deste organismo, que foron recollidos a través dunha serie de adaptacións do seu estatuto orgánico, a última delas, producida mediante o Real decreto 469/2000, do 7 de abril, polo que se modifica a estrutura orgánica básica do Consello de Seguridade Nuclear.

Pero é a aprobación da Lei 33/2007, do 7 de novembro, de reforma da Lei 15/1980, do 22 de abril, de creación do Consello de Seguridade Nuclear, a que supuxo unha maior transformación no réxime xurídico deste organismo, desenvolvendo, entre outras novidades, os aspectos xurídicos que permiten fortalecer e garantir a súa independencia efectiva, acollendo a crecente sensibilidade social en relación co ambiente, institucionalizando os mecanismos necesarios para promover e potenciar a transparencia, a participación da sociedade e reforzar o dereito dos cidadáns a acceder á información relevante no que concirne á seguridade nuclear e á protección radiolóxica, en liña cos requirimentos da Lei 27/2006, do 18 de xullo, pola que se regulan os dereitos de acceso á información, de participación pública e de acceso á xustiza en materia de ambiente. Procurouse, grazas a novos elementos como o establecemento dun comité asesor de información e participación pública, unha maior credibilidade e confianza de cara á sociedade, e introducíronse, para facer efectivo ese compromiso, unha serie de medidas para reorganizar as competencias e recursos do organismo, con estes novos fundamentos.

Co fin de incorporar os cambios introducidos pola Lei 33/2007, do 7 de novembro, na Lei de creación do Consello de Seguridade Nuclear, resultaba obrigado proceder á correlativa modificación do vixente estatuto, nun novo texto que substituíse integramente o anterior, que sistematizase e harmonizase as funcións que actualmente realiza o Consello, trasladando as normas básicas de asignación de potestades administrativas que lle veñen dadas en leis ou regulamentos xurdidos en desenvolvemento da Lei de enerxía nuclear, desde o ano 1964, e que carecían ata agora dunha regulación conxunta ou coherente, a un único texto.

Procédese así a dar cumprimento á disposición derradeira primeira da Lei 33/2007, do 7 de novembro, que outorgou ao Goberno a autorización para aprobar a modificación do Estatuto do Consello de Seguridade Nuclear.

No título preliminar do estatuto («Disposicións xerais») considérase a posición de Administración independente do Consello de Seguridade Nuclear (CSN), reflectindo o réxime xurídico a que se debe someter na súa actuación, e que está baseado na prevalencia da lei constitutiva (Lei 15/1980, do 22 de abril) e o seu estatuto, coa supletoriedade das normas organizativas e de réxime xurídico comúns aos restantes organismos públicos vinculados á Administración xeral do Estado.

Establécense, no seu título I, as «Funcións» do organismo, cunha vontade unificadora, sistematizando as competencias do CSN na emisión de informes preceptivos, de supervisión, inspección, control, regulación técnica e proposta de sanción, respecto da actuación dos titulares de instalacións e actividades nucleares e radioactivas; ou a súa responsabilidade na adopción de medidas de resposta ante emerxencias nucleares ou radiolóxicas, coordinando todos os aspectos relacionados coa seguridade nuclear e a protección radiolóxica nestas situacións; así mesmo, desenvólvese a función do CSN de dotar a sociedade e as institucións (parlamentos e gobernos, nacional e autonómicos) de información periódica e tamén puntual, en tempo real, dos sucesos que poidan afectar o funcionamento das instalacións nucleares e radioactivas ou a calidade radiolóxica do ambiente; ou a súa función de asesoramento ao Goberno, ás demais administracións públicas e aos tribunais, en materias da súa competencia, e de colaboración con outras entidades públicas ou privadas, nacionais e internacionais, para un mellor desenvolvemento das súas potestades de control e garantía do funcionamento seguro das citadas instalacións nucleares e radioactivas e a protección dos traballadores, do público e do ambiente fronte aos efectos das radiacións ionizantes.

No título II desenvólvese a «Estrutura organizativa do CSN», defínese o Pleno e a Presidencia como «órganos superiores de dirección» deste organismo, e coordínanse as súas relacións sobre a base dos principios de cooperación, ponderación e respecto ao exercicio lexítimo das respectivas competencias e sen que exista subordinación xerárquica entre eles, tal como o establece o artigo 4.3 da Lei de creación do CSN.

Baixo a dirección dos órganos superiores sitúanse e regúlanse, nos capítulos correspondentes, como órganos de dirección do CSN, a Secretaría Xeral do Consello, as direccións técnicas, a Dirección do Gabinete Técnico da Presidencia e as subdireccións.

Incorpóranse dous órganos de carácter asesor para o organismo: i) o «Comité Asesor», configurado segundo as directrices do artigo 15 da lei de creación do organismo, na redacción da Lei 33/2007, do 7 de novembro, que emitirá recomendacións ao CSN para favorecer e mellorar a transparencia, o acceso á información e a participación pública en materias da competencia do CSN; e ii) as «Comisións asesoras técnicas», xa existentes no texto estatutario anterior, pero que agora se dotan dun sistema de funcionamento, na filosofía de que proporcionen apoio e asesoramento, mediante expertos técnicos especializados, na toma de decisións que incidan directamente en materias de seguridade nuclear e protección radiolóxica, aos órganos superiores e de dirección do CSN.

En canto ao «réxime de persoal», no título III procedeuse, como xa figuraba no estatuto vixente, á regulación do corpo especial en que se adscriben os funcionarios propios do CSN, o «Corpo de seguridade nuclear e protección radiolóxica».

Finamente, nos títulos IV e V regúlanse os aspectos referidos á «contratación e asistencia xurídica» e ao «réxime patrimonial, orzamentario e de control da xestión económico-financeira e contable» do CSN, trasladando as disposicións xerais que o afectan, procedentes da lexislación básica aplicable á Administración xeral do Estado.

O proxecto de estatuto foi elaborado polo Consello de Seguridade Nuclear, en cumprimento do mandato contido no artigo 1 da Lei 15/1980, do 22 de abril, na redacción outorgada pola Lei 33/2007, do 7 de novembro.

Na súa virtude, por iniciativa do ministro de Industria, Turismo e Comercio, por proposta do ministro de Política Territorial e Administración Pública e da ministra de Economía e

Facenda, de acordo co Consello de Estado e logo de deliberación do Consello de Ministros na súa reunión do día 5 de novembro de 2010,

DISPOÑO:

Artigo único. *Aprobación do Estatuto do Consello de Seguridade Nuclear.*

En virtude do establecido na disposición derradeira primeira da Lei 33/2007, do 7 de novembro, apróbase o Estatuto do Consello de Seguridade Nuclear, cuxo texto se insire a continuación.

Disposición adicional primeira. *Adecuación ás normas de desenvolvemento da Lei do Estatuto básico do empregado público que dite a Administración xeral do Estado.*

O disposto nos artigos 53 e 54 do estatuto que se aproba por este real decreto enténdese sen prexuízo da súa adaptación ás normas que se diten en desenvolvemento da Lei 7/2007, do 12 de abril, do Estatuto básico do empregado público.

Disposición adicional segunda. *Supresión de órganos e unidades.*

Quedan suprimidos os seguintes órganos e unidades:

- a) A Subdirección Xeral de Instalacións Nucleares.
- b) A Subdirección Xeral de Enxeñaría.
- c) A Subdirección Xeral de Tecnoloxía Nuclear.
- d) A Subdirección Xeral de Protección Radiolóxica Ambiental.
- e) A Subdirección Xeral de Protección Radiolóxica Operacional.
- f) A Subdirección Xeral de Emerxencias.
- g) A Subdirección Xeral de Planificación, Sistemas de Información e Calidade.
- h) A Subdirección Xeral de Persoal e Administración.
- i) A Asesoría Xurídica.
- j) A Oficina de Inspección.
- k) A Oficina de Normas Técnicas.
- l) A Oficina de Investigación e Desenvolvemento.

Disposición derogatoria única. *Derrogación normativa.*

Quedan derogados o Real decreto 1157/1982, do 30 de abril, polo que aprobou o Estatuto do Consello de Seguridade Nuclear, a disposición adicional cuarta do Real decreto 1339/1999, do 31 de xullo, polo que se aprobou o Regulamento da Comisión Nacional de Enerxía e cantas disposicións de igual ou inferior rango se opoñan ao establecido neste real decreto.

Disposición derradeira única. *Entrada en vigor.*

Este real decreto entrará en vigor o día seguinte ao da súa publicación no «Boletín Oficial del Estado».

Dado en Madrid o 5 de novembro de 2010

JUAN CARLOS R.

O ministro da Presidencia,  
RAMÓN JÁUREGUI ATONDO

## ESTATUTO DO CONSELLO DE SEGURIDADE NUCLEAR

### TÍTULO PRELIMINAR

#### Disposicións xerais

##### Artigo 1. *O Consello de Seguridade Nuclear.*

O Consello de Seguridade Nuclear, creado pola Lei 15/1980, do 22 de abril, é un ente de dereito público, independente da Administración xeral do Estado, que ten personalidade xurídica diferenciada e patrimonio propio e independente dos do Estado.

##### Artigo 2. *Réxime xurídico.*

1. O Consello de Seguridade Nuclear rexerese polo disposto na Lei 15/1980, do 22 de abril, e neste estatuto.

2. Igualmente, rexerese polas disposicións da Lei 47/2003, do 26 de novembro, xeral orzamentaria, que lle sexan de aplicación, así como pola Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, no exercicio das funcións públicas que ten atribuídas, e polo disposto na Lei 33/2003, do 3 de novembro, do patrimonio das administracións públicas, e pola Lei 30/2007, do 30 de outubro, de contratos do sector público.

3. Supletoriamente, o Consello de Seguridade Nuclear rexerese pola Lei 6/1997, do 14 de abril, de organización e funcionamento da Administración xeral do Estado, de acordo co establecido na súa disposición adicional décima.

4. O Consello de Seguridade Nuclear actúa no desenvolvemento da súa actividade e para o cumprimento dos seus fins con autonomía orgánica e funcional, plena independencia das administracións públicas e dos grupos de interese. Así mesmo, está sometido ao control parlamentario e xudicial. As resolucións que adopten o Pleno e o presidente do Consello de Seguridade Nuclear en exercicio das funcións públicas que teñen atribuídas porán fin á vía administrativa.

##### Artigo 3. *Obxecto do Consello de Seguridade Nuclear.*

O Consello de Seguridade Nuclear é o único organismo público competente en materia de seguridade nuclear e protección radiolóxica, encargado de protexer os traballadores, a poboación e o ambiente dos efectos nocivos das radiacións ionizantes, propiciando que as instalacións nucleares e radioactivas sexan operadas polos titulares de forma segura, e establecendo as medidas de prevención e corrección fronte a emerxencias radiolóxicas, calquera que sexa a súa orixe.

### TÍTULO I

#### Funcións do Consello de Seguridade Nuclear

##### Artigo 4. *Funcións do Consello de Seguridade Nuclear.*

Corresponde ao Consello de Seguridade Nuclear o exercicio de todas as funcións que se establecen no artigo 2 da Lei 15/1980, do 22 de abril, así como o exercicio daquelas outras que, no ámbito da seguridade nuclear, da protección radiolóxica e da protección física, lle sexan atribuídas por norma con rango de lei, regulamentario ou en virtude de tratados internacionais.

## CAPÍTULO I

**Funcións de elaboración de informes, habilitación e inspección e control**

Artigo 5. *Informes do Consello de Seguridade Nuclear ao Ministerio de Industria, Turismo e Comercio e a outras administracións públicas.*

1. O Consello de Seguridade Nuclear emitirá os informes previos ás resolucións que o Ministerio de Industria, Turismo e Comercio adopte, nas materias que se regulan no artigo 2.b) da Lei 15/1980, do 22 de abril. Os informes emitidos no exercicio da dita función serán preceptivos, en todo caso, e ademais vinculantes nos termos establecidos pola lei. Así mesmo, emitirá os informes previstos no artigo 2.nove da Lei 25/1964, do 29 de abril, a que se refire a letra k) do artigo 2 da Lei 15/1980, do 22 de abril.

2. O informe do Consello de Seguridade Nuclear será emitido en cada caso no prazo establecido na norma reguladora de cada procedemento, respectando o prazo máximo sinalado nela para a notificación da resolución. O órgano competente para resolver estará facultado para acordar, motivadamente, a suspensión do procedemento durante o tempo que se considere adecuado para emitir o informe. Así mesmo, con carácter excepcional e motivadamente, o órgano competente poderá acordar a suspensión do procedemento con carácter indefinido ata a emisión do correspondente informe.

3. O Consello de Seguridade Nuclear emitirá o informe previo á resolución que a Administración competente adopte para a concesión dunha autorización ou modificación significativa dunha instalación ou actividade que, polas súas características ou situación, puidesen supor un impacto sobre unha instalación nuclear ou radioactiva de primeira categoría. O dito informe será preceptivo e vinculante nos termos que establece a lexislación vixente.

4. Os informes do Consello de Seguridade Nuclear serán preceptivos e vinculantes para as comunidades autónomas, nos mesmos termos en que o son para a Administración xeral do Estado, cando aquelas asumisen as competencias correspondentes.

5. As autorizacións ou licenzas que corresponda outorgar a calquera Administración pública non poderán ser denegadas ou condicionadas, por razóns de seguridade, cuxa apreciación corresponda ao Consello de Seguridade Nuclear.

Artigo 6. *Autorizacións, licenzas e apreciacións favorables.*

1. De conformidade co establecido no artigo 2, letras i) e l), da Lei 15/1980, do 22 de abril, o Consello de Seguridade Nuclear concederá e revogará as autorizacións a entidades e empresas que presten servizos no ámbito da protección radiolóxica, e concederá e renovará, mediante a realización das probas pertinentes, as licenzas de operador e supervisor para instalacións nucleares ou radioactivas; igualmente, concederá os diplomas de xefe de servizo de Protección Radiolóxica e as acreditacións para dirixir ou operar as instalacións de raios X con fins de diagnóstico médico.

2. Así mesmo, corresponde ao Consello de Seguridade Nuclear emitir, por solicitude de parte, as declaracións de apreciación favorable sobre novos deseños, metodoloxías, modelos de simulación ou protocolos de verificación relacionados coa seguridade nuclear e a protección radiolóxica, a que se refire o artigo 2, letra j), da Lei 15/1980, do 22 de abril.

Artigo 7. *Inspección, control e suspensión de instalacións nucleares e radioactivas, e de actividades, empresas e entidades.*

1. De conformidade co disposto no artigo 2, letras c), d), i) e r), da Lei 15/1980, do 22 de abril, corresponde ao Consello de Seguridade Nuclear:

a) Inspeccionar e controlar as instalacións nucleares e radioactivas e as actividades, entidades e empresas que nas letras c), d) e i) do citado precepto se enumeran; inspeccionar e controlar as instalacións, equipamentos, empresas ou actividades non suxeitas ao réxime de autorizacións da lexislación nuclear que se mencionan na letra r) do citado artigo, ante

situacións excepcionais ou de emerxencia; e inspeccionar as prácticas, actividades e entidades reguladas no artigo 2 e concordantes do Real decreto 783/2001, do 6 de xullo, polo que se aproba o Regulamento sobre protección sanitaria contra radiacións ionizantes.

b) Acordar a paralización das obras de construción de instalacións nucleares ou radioactivas e a paralización das actividades enumeradas no artigo 2.c) da Lei 15/1980, do 22 de abril, por aparición de anomalías que afecten a seguridade e ata que as ditas anomalías sexan corrixidas, e propor a anulación da correspondente autorización se a anomalía non fose susceptible de ser corrixida.

c) Acordar, de acordo co establecido no artigo 2.d) da Lei 15/1980, do 22 de abril, por razóns de seguridade, a suspensión do funcionamento das instalacións nucleares e radioactivas e do exercicio de actividades.

2. O Consello de Seguridade Nuclear adoptará cantas medidas resulten necesarias para a adecuada execución dos acordos que se establecen no número anterior.

3. O Consello de Seguridade Nuclear, sen prexuízo do sinalado no número seguinte para os supostos de manifesto perigo, adoptará o acordo de paralización ou suspensión logo de instrución dun procedemento en que se dará audiencia ao titular da instalación ou responsable da actividade. No dito acordo precisaranse as medidas técnicas, administrativas ou doutra orde que se xulguen necesarias para a corrección das anomalías detectadas e o prazo sinalado para a súa corrección.

4. Nos supostos de manifesto perigo, o Consello de Seguridade Nuclear ou os seus inspectores poderán exixir o inmediato cesamento das obras, do funcionamento da instalación ou da actividade. Así mesmo, en situacións excepcionais ou de emerxencia que poidan afectar a seguridade nuclear ou a protección radiolóxica, o Consello de Seguridade Nuclear ou os seus inspectores poderán exixir o inmediato cesamento do funcionamento das instalacións, equipamentos, empresas ou actividades non suxeitas ao réxime de autorizacións da lexislación nuclear, adoptando cantas medidas preventivas ou correctoras sexan precisas.

#### Artigo 8. Sancións, apercibimentos e amoestacións.

1. De acordo co establecido na lexislación vixente, o Consello de Seguridade Nuclear poderá propor a iniciación de expediente sancionador respecto de feitos que puidesen ser constitutivos de infracción en materia de seguridade nuclear, protección radiolóxica ou protección física.

2. Así mesmo, iniciado un expediente sancionador en materia de seguridade nuclear e protección radiolóxica ou protección física, corresponde ao Consello de Seguridade Nuclear emitir informe preceptivo para a adecuada cualificación dos feitos obxecto do procedemento, no prazo de tres meses, sempre que o dito procedemento non fose iniciado por proposta do Consello ou, téndose iniciado por proposta deste, cando consten datos distintos dos comunicados polo dito organismo.

3. Cando os feitos puidesen ser constitutivos de infracción cualificada como leve, o Consello de Seguridade Nuclear, alternativamente á proposta de inicio de expediente sancionador, poderá apercibir o titular da instalación e requirir as medidas correctoras pertinentes, sempre que non deriven danos directos ás persoas ou ao ambiente, e as circunstancias do caso así o aconsellen. No suposto de que o dito requirimento non fose atendido, o Consello de Seguridade Nuclear poderá impor multas coercitivas por un importe que será, a primeira vez, do 10%, e as segundas ou sucesivas do vinte por cento do valor medio da sanción que correspondese impor, no seu grao medio, co fin de obter a cesación de condutas activas ou omisivas obxecto do requirimento.

4. Con independencia da sanción que lle puidese corresponder, de ser o caso, ao titular, o Consello de Seguridade Nuclear poderá amoestar por escrito as persoas físicas que, por negligencia grave, sexan responsables da realización dunha mala práctica pola cal se orixinase a comisión material dos feitos susceptibles de sanción.

Artigo 9. *Actuacións ante emerxencias.*

1. De conformidade co establecido no artigo 2, letras f) e r), da Lei 15/1980, do 22 de abril, así como na regulamentación aplicable en materia de emerxencias nucleares e radiolóxicas, corresponde ao Consello de Seguridade Nuclear:

a) Colaborar coas autoridades competentes na elaboración e aprobación dos criterios aos cales se deben axustar os plans de emerxencia radiolóxica e os de protección física, e para a implantación dos plans exteriores de emerxencia.

b) Coordinar, para todos os aspectos relacionados coa seguridade nuclear e coa protección radiolóxica, as medidas de apoio e resposta ás situacións de emerxencia, integrando e coordinando os diversos organismos e empresas públicas ou privadas cuxo concurso sexa necesario para o cumprimento das funcións do Consello de Seguridade Nuclear.

c) Realizar as actuacións necesarias para a prevención e o control de situacións excepcionais ou de emerxencia que se presenten e que poidan afectar a seguridade nuclear ou a protección radiolóxica, cando teñan a súa orixe en instalacións, equipamentos, empresas ou actividades non suxeitas ao réxime de autorizacións da lexislación nuclear, incluíndo, en caso necesario, a adopción directa de medidas de protección, e informar a autoridade competente.

2. A actuación do Consello de Seguridade Nuclear axustarase a un plan de actuación ante emerxencias e realizarase a través dunha organización de resposta ante emerxencias, ambos os dous aprobados polo Pleno.

## CAPÍTULO II

### **Funcións de proposta normativa e de elaboración de instrucións, guías e circulares de carácter técnico**

Artigo 10. *Proposta de regulamentación básica.*

O Consello de Seguridade Nuclear propondrá ao Goberno a nova regulamentación e a revisión da existente en materia de seguridade nuclear e protección radiolóxica, así como a regulamentación en materia de protección física de instalacións e materiais nucleares e radioactivos, en colaboración coas autoridades competentes, e a que resulte necesaria de acordo coas obrigas internacionais que se contraian neste ámbito. Dentro desta regulamentación estableceranse os criterios obxectivos para a selección de localizacións das instalacións nucleares e das radioactivas de primeira categoría, logo de informe das comunidades autónomas.

Artigo 11. *Instrucións.*

1. As normas técnicas que o Consello de Seguridade Nuclear elabore en materia de seguridade nuclear, protección radiolóxica e protección física denominaranse instrucións e serán vinculantes para os suxeitos afectados polo seu ámbito de aplicación unha vez publicadas no «Boletín Oficial del Estado».

2. No procedemento de elaboración das instrucións emitirán os oportunos informes técnicos e xurídicos os servizos correspondentes do Consello de Seguridade Nuclear. Así mesmo, neste procedemento darase audiencia aos interesados, e a través dos oportunos medios informáticos e telemáticos serán informados os cidadáns e someterase aos seus comentarios o proxecto de instrución. Con carácter previo á súa aprobación serán comunicadas ao Congreso dos Deputados.

3. Adicionalmente, o Consello de Seguridade Nuclear, no ámbito das súas competencias, poderá remitir directamente aos titulares das autorizacións instrucións técnicas complementarias para garantir, con carácter xeral, o mantemento das condicións e requisitos de seguridade das instalacións e actividades, así como, en particular, para o mellor cumprimento dos requisitos establecidos na correspondente autorización.

**Artigo 12. Guías de seguridade.**

1. O Consello de Seguridade Nuclear poderá elaborar recomendacións técnicas dirixidas aos suxeitos afectados en relación coa normativa vixente en materia de seguridade nuclear, protección radiolóxica e protección física, que se denominarán guías de seguridade.

2. No procedemento de elaboración das guías de seguridade emitirán os oportunos informes técnicos e xurídicos os servizos correspondentes do Consello de Seguridade Nuclear. Así mesmo, durante o proceso de elaboración destas, e a través dos oportunos medios informáticos e telemáticos, serán informados os cidadáns e someterase aos seus comentarios o correspondente proxecto.

**Artigo 13. Circulares.**

O Consello de Seguridade Nuclear poderá elaborar documentos técnicos dirixidos aos afectados polo seu ámbito de aplicación para comunicarlles feitos ou circunstancias relacionados coa seguridade nuclear ou a protección radiolóxica, que se denominarán circulares e terán carácter simplemente informativo.

## CAPÍTULO III

**Funcións de información, asesoramento e investigación****Artigo 14. Información ao Goberno, ás Cortes Xerais, aos gobernos e parlamentos autonómicos e ás autoridades locais.**

1. De conformidade co disposto no artigo 11 da Lei 15/1980, do 22 de abril, o Consello de Seguridade Nuclear remitirá, con carácter anual, a ambas as dúas cámaras do Parlamento español e aos parlamentos autonómicos daquelas comunidades autónomas en cuxo territorio estean radicadas instalacións nucleares, un informe sobre o desenvolvemento das súas actividades.

2. Así mesmo, o Consello de Seguridade Nuclear manterá puntualmente informados o Goberno, o Congreso dos Deputados e o Senado, os gobernos e parlamentos autonómicos e os concellos concernidos, de calquera circunstancia ou suceso que afecte a seguridade das instalacións nucleares e radioactivas ou a calidade radiolóxica do ambiente en calquera lugar dentro do territorio nacional.

Para tal efecto, subministrarase información de todo suceso ou incidente que se corresponda cun impacto significativo na seguridade, de acordo cos criterios establecidos polo Consello de Seguridade Nuclear.

Igualmente, subministrarase información sobre a detección de niveis anómalos de radioactividade no ambiente en calquera lugar do territorio nacional, unha vez confirmados, así como daquelas situacións excepcionais que se presenten e que poidan afectar a seguridade nuclear ou a protección radiolóxica, cando teñan a súa orixe en instalacións, equipamentos, empresas ou actividades non suxeitas ao réxime de autorizacións da lexislación nuclear.

3. O réxime de comparecencias do Consello de Seguridade Nuclear ante a comisión parlamentaria competente será o previsto no artigo 11 da Lei 15/1980, do 22 de abril.

**Artigo 15. Publicidade de actuacións, información á opinión pública e participación dos cidadáns.**

1. En cumprimento do establecido nos artigos 2.º) e 14 da Lei 15/1980, do 22 de abril, o Consello de Seguridade Nuclear respectará na súa actuación o principio de transparencia e informará os cidadáns sobre todos os feitos relevantes relacionados co funcionamento das instalacións nucleares e radioactivas, dentro ou fóra delas, especialmente en todo aquilo que fai referencia ao seu funcionamento seguro, ao impacto radiolóxico para as persoas e o ambiente, aos sucesos e incidentes ocorridos nelas, así como ás medidas correctoras adoptadas para evitar a súa reiteración. A información faraa



pública o Consello de Seguridade Nuclear mediante calquera medio informático e telemático que asegure a súa máxima difusión.

2. Así mesmo, o Consello de Seguridade Nuclear dará publicidade aos acordos por el adoptados, con exposición clara dos asuntos tratados, dos motivos do acordo e do resultado da votación, a través de medios informáticos e telemáticos que aseguren a máxima difusión. Pola mesma vía, darase publicidade, entre outros actos, ás instrucións e guías de seguridade aprobadas polo Consello, ás actas das sesións do Pleno e do Comité Asesor, ás actas de inspección, aos convenios de encomenda formalizados coas comunidades autónomas e ao informe anual ao Parlamento.

3. A información que difunda o Consello de Seguridade Nuclear manterase actualizada e será trasladada á opinión pública tras resolver sobre os aspectos confidenciais que poida presentar o seu contido e respectando, se é o caso, o disposto na Lei orgánica 15/1999, do 13 de decembro, de protección de datos de carácter persoal.

4. O disposto neste artigo non será de aplicación cando concorra algunha das causas legais de denegación do acceso á información, de acordo coa Lei 27/2006, do 18 de xullo, que regula os dereitos de acceso á información, de participación pública e de acceso á xustiza en materia de ambiente.

5. O Consello de Seguridade Nuclear prestará especial atención na realización das súas funcións á consulta e participación da sociedade civil e de todos os axentes interesados en materia de seguridade nuclear e protección radiolóxica.

6. De acordo co establecido no artigo 14.4 da Lei 15/1980, do 22 de abril, o Consello de Seguridade Nuclear impulsará e participará nos comités de información e en calquera outro foro de información constituído ou que se constituía nos contornos das instalacións nucleares, e promoverá, a través deles, a difusión da información, en particular a relativa aos sucesos ocorridos, e a participación na preparación ante situacións de emerxencia.

#### Artigo 16. *Asesoramento ao Goberno, ás administracións públicas e aos tribunais.*

1. O Consello de Seguridade Nuclear exercerá a función de asesoramento en materia de seguridade nuclear, protección radiolóxica e protección física, ao Goberno, ás administracións públicas e aos tribunais, por solicitude destes.

2. Con carácter xeral, o Consello de Seguridade Nuclear relacionarase co Goberno e a Administración xeral do Estado a través do Ministerio de Industria, Turismo e Comercio, ben que, nos casos en que así se prevexa legalmente, o asesoramento realizarao ao departamento competente por razón da materia. Nin o persoal nin os membros do Pleno poderán solicitar ou aceptar instrucións de ningunha entidade pública ou privada en relación co exercicio das funcións do Consello de Seguridade Nuclear, definidas no artigo 2 da Lei 15/1980, do 22 de abril, e demais disposicións concordantes.

3. O asesoramento ás comunidades autónomas realizarase por conduto da Presidencia destas.

4. As relacións con calquera outro organismo ou entidade, así como cos tribunais, articularanse a través de quen exerza a superior autoridade destes.

5. Sen prexuízo do anterior, o Consello de Seguridade Nuclear, nos casos que considere oportuno, poderase dirixir directamente a cantos órganos das administracións públicas e entidades estean a coñecer dos asuntos en que lle corresponda ao Consello intervir.

#### Artigo 17. *Afeccións na saúde.*

O Consello de Seguridade Nuclear recollerá información precisa e asesorará, se é o caso, respecto ás afeccións que se puideren orixinar nas persoas por radiacións ionizantes derivadas do funcionamento de instalacións nucleares ou radioactivas.

#### Artigo 18. *Plans de investigación.*

Correspóndelle ao Consello de Seguridade Nuclear establecer e efectuar o seguimento de plans de investigación en materia de seguridade nuclear e protección radiolóxica.

## CAPÍTULO IV

### **Funcións de coordinación con outros organismos, entidades ou administracións e outras funcións**

#### Artigo 19. *Relacións con organismos estranxeiros e organismos internacionais.*

1. O Consello de Seguridade Nuclear exercerá as funcións que se lle atribúen no artigo 2, letras n) e o), da Lei 15/1980, do 22 de abril, e poderá propor ao Ministerio de Asuntos Exteriores e de Cooperación a designación de membros das delegacións españolas que asistan a reunións de órganos ou comités ou que están acreditados ante organizacións internacionais con competencia en temas de seguridade nuclear, protección radiolóxica e protección física.

2. Poderá, así mesmo, proporlle ao Goberno, a través do Ministerio de Asuntos Exteriores e de Cooperación, a celebración de tratados relativos a materias de competencia do Consello con outros Estados ou organizacións internacionais. Tamén poderá propor ao Ministerio de Asuntos Exteriores e de Cooperación a designación de membros das delegacións españolas que deban intervir no proceso de negociación de tales tratados.

#### Artigo 20. *Comunicación de feitos relacionados coa seguridade.*

1. Os feitos que as persoas físicas ou xurídicas ao servizo das instalacións nucleares e radioactivas deban pór en coñecemento do Consello de Seguridade Nuclear en aplicación do establecido no artigo 13 da Lei 15/1980, do 22 de abril, serán comunicados á Secretaría Xeral do Consello de Seguridade Nuclear, que o remitirá á dirección técnica competente por razón da materia. Este último órgano, que garantirá a confidencialidade do comunicante, será o encargado de iniciar, instruír e resolver un procedemento dirixido á comprobación dos feitos comunicados, e da adopción, se é o caso, das medidas correctoras pertinentes. Con anterioridade á adopción do acordo de iniciación, a dirección técnica competente poderá abrir un período de información previa co fin de coñecer as circunstancias do caso concreto e apreciar a procedencia ou non da súa iniciación.

2. A dirección técnica competente realizará as inspeccións e investigacións necesarias para a clarificación dos feitos e solicitará, se é o caso, información sobre as actuacións realizadas polo titular da instalación en relación cos feitos comunicados, de conformidade co establecido no artigo 8 bis do Real decreto 1836/1999, do 3 de decembro. Antes de adoptar a resolución do procedemento, darase audiencia ao titular da instalación e ao comunicante dos feitos, os cales serán informados da decisión que finalmente se adopte.

#### Artigo 21. *Encomendas ás comunidades autónomas.*

1. De acordo co previsto na disposición adicional terceira da Lei 15/1980, do 22 de abril, o Consello de Seguridade Nuclear poderá encomendar ás comunidades autónomas a realización de actividades de carácter material, técnico ou de servizos da súa competencia.

2. A encomenda das ditas actividades rexerese polo disposto no artigo 15 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, e será responsabilidade do Consello de Seguridade Nuclear aprobar os criterios xerais para o exercicio das ditas encomendas e ditar cantos actos ou resolucións de carácter xurídico sexan necesarios para dar soporte ou nos cales se integre a concreta actividade material obxecto de encomenda e a supervisión do seu desenvolvemento.

3. A encomenda formalizarase, co acordo expreso da Administración interveniente, mediante o correspondente convenio en que se precisarán a súa natureza, a actividade ou actividades que constitúan o seu obxecto, o prazo de vixencia, o alcance da xestión encomendada e a retribución que, de ser o caso, se acorde polo custo da prestación.

## TÍTULO II

### Estrutura do Consello de Seguridade Nuclear

#### CAPÍTULO I

#### Órganos do Consello de Seguridade Nuclear

##### Artigo 22. *Órganos superiores de dirección.*

De acordo co previsto na Lei 15/1980, do 22 de abril, os órganos superiores de dirección do Consello de Seguridade Nuclear son o Pleno e a Presidencia, que actuarán no exercicio das súas respectivas competencias con respecto aos principios establecidos no artigo 4.3 da citada Lei 15/1980, do 22 de abril.

##### Artigo 23. *Outros órganos de dirección e asesores.*

1. Son órganos de dirección do Consello de Seguridade Nuclear, baixo a dirección da Presidencia e do Pleno, a Secretaría Xeral do Consello de Seguridade Nuclear, a Dirección Técnica de Seguridade Nuclear, a Dirección Técnica de Protección Radiolóxica, a Dirección do Gabinete Técnico da Presidencia e as subdireccións que se citan nos artigos 39 e 40 deste estatuto.

2. Son órganos asesores do Consello de Seguridade Nuclear o Comité Asesor e as comisións asesoras técnicas.

#### CAPÍTULO II

#### O Pleno

##### Sección 1.ª *Competencias e composición do Pleno*

##### Artigo 24. *Competencias do Pleno.*

1. Corresponde ao Pleno do Consello de Seguridade Nuclear, como órgano colexiado de dirección, o exercicio de todas as funcións resolutorias, de asesoramento, supervisión e regulación en materia de seguridade nuclear e protección radiolóxica previstas no artigo 2 da Lei 15/1980, do 22 de abril. Correspóndelle, así mesmo, o exercicio de calquera outra función que se atribúa ao Consello de Seguridade Nuclear, como único órgano competente en materia de seguridade nuclear e protección radiolóxica. O Pleno adoptará cantos acordos resulten necesarios para o adecuado cumprimento de tales funcións.

2. Correspóndelle, así mesmo, o exercicio das seguintes competencias:

a) Aprobar as normas de desenvolvemento das disposicións reguladoras do seu réxime de funcionamento contidas neste estatuto.

b) Aprobar as iniciativas de política reguladora e de normativa que, antes do inicio da súa tramitación, se presenten para a súa aprobación polos membros do Pleno, ou polos órganos de dirección do Consello de Seguridade Nuclear.

c) Aprobar o anteproxecto de orzamento, establecer as directrices para a súa execución e levar a cabo o control e seguimento do seu cumprimento, sen prexuízo do control interno que realizará a Intervención Xeral da Administración do Estado, nos termos establecidos na Lei 47/2003, do 26 de novembro, xeral orzamentaria, de acordo co establecido no artigo 67 deste estatuto.

d) Aprobar o plan estratéxico, o plan anual de traballo, o plan de investigación e desenvolvemento, o plan de actuación ante emerxencias nucleares e radioactivas, o plan de igualdade de oportunidades entre mulleres e homes, o plan de publicacións, o plan de formación e o plan de acción social.

e) Examinar as contas anuais unha vez auditadas pola Intervención Xeral da Administración do Estado e antes da súa rendición ao Tribunal de Contas.

- f) Aprobar o informe anual sobre desenvolvemento das actividades do Consello de Seguridade Nuclear.
- g) Emitir informe sobre a proposta de designación do secretario xeral do Consello e dos directores técnicos de Seguridade Nuclear e de Protección Radiolóxica.
- h) Ser oído no nomeamento do director do Gabinete Técnico da Presidencia do Consello.
- i) Nomear e separar os subdirectores.
- j) Designar o vicepresidente do Pleno de entre os seus membros.
- k) Emitir informe sobre a proposta de designación dos expertos nacionais ou estranxeiros membros do Comité Asesor e das comisións asesoras técnicas.
- l) Autorizar, con carácter previo, a adquisición dos bens inmobles propios do Consello de Seguridade Nuclear, de acordo co disposto no artigo 36.1.n).
- m) Autorizar a proposta de conclusión de acordos ou convenios internacionais de cooperación, así como a celebración dos convenios e dos contratos que por razón da súa contía ou importancia así se determine por acordo do Pleno.
- n) Resolver o recurso de reposición que se poida interpor contra os seus actos.
- ñ) Aprobar as bases das convocatorias dos procedementos selectivos de acceso ao corpo de seguridade nuclear e protección radiolóxica.
- o) Aprobar a relación de postos de traballo do persoal funcionario ao servizo do Consello de Seguridade Nuclear e aquelas modificacións que o Pleno reserve para si, e aprobar as propostas de modificación da relación de postos de traballo do persoal laboral ao servizo do Consello de Seguridade Nuclear, de acordo co disposto na normativa vixente.
- p) Aprobar o sistema de carreira profesional do persoal funcionario ao servizo do Consello de Seguridade Nuclear.
- q) Aprobar o sistema de avaliación do desempeño do persoal ao servizo do Consello de Seguridade Nuclear.
- r) Aprobar os criterios a que se deben axustar os acordos de encomenda de funcións coas comunidades autónomas.
- s) Exercer calquera outra competencia que resulte necesaria para o adecuado desempeño das funcións que lle atribúa a normativa vixente.

3. O Pleno poderá delegar no presidente ou na Secretaría Xeral o exercicio das súas funcións, de acordo co previsto no artigo 13 da Lei 30/1992, do 26 de novembro.

4. O Pleno poderá acordar a creación das comisións internas de traballo, para o exercicio das funcións específicas que para o efecto se determinen e respecto das cales a decisión última corresponda ao Pleno. As ditas comisións poderán adoptar as súas propias normas de funcionamento. A presidencia destas comisións corresponderá a un membro do Pleno, que será quen dea conta ao dito órgano.

#### Artigo 25. *Composición, nomeamento e duración do mandato.*

1. O Pleno, órgano superior de dirección do Consello de Seguridade Nuclear, está constituído por un presidente e catro conselleiros.

2. O presidente e os conselleiros do Consello de Seguridade Nuclear serán designados entre persoas de coñecida solvencia nas materias encomendadas ao Consello de Seguridade Nuclear, nos termos establecidos no artigo 5.1 da Lei 15/1980, do 22 de abril, de creación do dito organismo.

3. O presidente e os conselleiros do Consello de Seguridade Nuclear serán nomeados polo Goberno, mediante real decreto, por proposta do ministro de Industria, Turismo e Comercio, logo de comparecencia da persoa proposta para o cargo ante a correspondente comisión do Congreso dos Deputados, que versará sobre a capacidade do candidato. O Congreso, a través da comisión competente e por acordo dos tres quintos dos seus membros, manifestará a súa aceptación ou veto razoado, no prazo dun mes natural desde a recepción da correspondente comunicación, e entenderase aceptado o nomeamento unha vez transcorrido o dito prazo sen manifestación expresa do Congreso.

4. O prazo de permanencia no cargo do presidente e dos conselleiros será de seis anos, e poderán ser reelixidos, por unha soa vez, por un segundo período de seis anos. Os cargos expresados non poderán ser ocupados por persoas maiores de setenta anos.

5. O vicepresidente do Pleno substituirá o presidente nos supostos de ausencia, vacante ou enfermidade.

#### Artigo 26. *Os conselleiros.*

1. Corresponde aos conselleiros:

- a) Asistir con voz e voto ás sesións do Pleno e participar nos debates.
- b) Discutir, impugnar ou defender os informes e ditames, propondo a súa modificación, aceptación ou desestimación, que sexan retirados ou que queden sobre a mesa, ou que se amplíen os antecedentes.
- c) Exercer o seu dereito de voto e formular, se é o caso, voto particular razoado cando discrepen do parecer da maioría.
- d) Ocuparse da xestión daqueles asuntos que, a xuízo do Pleno, dada a súa entidade ou especial natureza, se considere que deban ser atendidos ou dirixidos directamente polo conselleiro ou conselleiros que se designen e, de ser o caso, preparar os ditames relativos aos asuntos en que sexan designados relatores polo Pleno.
- e) Presentar peticións e suxestións para a súa inclusión na orde do día do Pleno, así como iniciativas de política reguladora ou propostas de nova normativa, de acordo co artigo 24.2.b, que seguisen o trámite previsto no dito artigo, para a súa inclusión na orde do día do Pleno.
- f) Representar o Consello de Seguridade Nuclear naqueles actos ou reunións en que así o acorde o presidente, logo da súa aceptación.
- g) Actuar como vicepresidente ou secretario cando lles corresponda.

2. Os conselleiros terán pleno acceso a toda a información que conste no organismo. A solicitude de información poderase realizar directamente ou a través da Secretaría Xeral do Consello.

#### Artigo 27. *Incompatibilidades.*

1. Os cargos de presidente e conselleiros están suxeitos ao réxime de incompatibilidades dos altos cargos da Administración xeral do Estado establecido na Lei 5/2006, do 10 de abril, de regulación dos conflitos de intereses dos membros do Goberno e dos altos cargos da Administración xeral do Estado, e nas súas disposicións de desenvolvemento, así como no Acordo do Consello de Ministros do 18 de febreiro de 2005, polo que se aproba o Código de bo goberno dos membros do Goberno e dos altos cargos da Administración do Estado.

2. Ao cesaren no seu cargo e durante os dous anos posteriores non poderán exercer actividade profesional ningunha relacionada coa seguridade nuclear e coa protección radiolóxica.

#### Artigo 28. *Deber de sixilo.*

Os membros do Pleno deberán gardar sixilo, mesmo despois de cesar nas súas funcións, de cantas informacións reservadas ou confidenciais tiveren coñecemento no exercicio das súas funcións.

#### Artigo 29. *Cesamento*

1. O presidente e os conselleiros do Consello de Seguridade Nuclear cesarán polas causas establecidas no artigo 7 da Lei 15/1980, do 22 de abril.

2. Cando se produza o cesamento do presidente ou dun conselleiro por calquera das causas legalmente previstas, agás a finalización do período para o cal foron nomeados, designarase o novo presidente ou o novo conselleiro, de acordo co procedemento

establecido no artigo 5 da Lei 15/1980, do 22 de abril, polo tempo que faltar para completar o período do cesante.

3. Para os efectos previstos no último parágrafo do artigo 7.1 da Lei 15/1980, do 22 de abril, o secretario xeral do Consello de Seguridade Nuclear comunicará ao Congreso, respecto do presidente ou conselleiro que se encontre en situación de prórroga no exercicio das súas funcións, a data en que a dita prórroga supere os seis meses.

#### Artigo 30. *Retribución e compensación económica.*

1. A retribución do presidente e dos conselleiros do Consello de Seguridade Nuclear será fixada polo ministro de Economía e Facenda de acordo co procedemento establecido para os altos cargos de entes e entidades de dereito público.

2. En virtude da limitación imposta no artigo 27.2 deste estatuto, en caso de cesamento por cumprimento da idade de setenta anos, expiración do termo do seu mandato, renuncia ou incapacidade permanente para o exercicio das súas funcións, o presidente e os conselleiros do Consello de Seguridade Nuclear terán dereito a percibir, a partir do mes seguinte a aquel en que se produza o seu cesamento, durante un prazo igual ao que desempeñasen o cargo e co límite de dous anos, unha compensación económica mensual igual á doceava parte do 80 por cento do total de retribucións asignadas ao cargo respectivo no orzamento en vigor durante o prazo indicado.

3. A citada compensación será incompatible co desempeño dos cargos de referencia, no caso de ser designado de novo para estes ou co desempeño de calquera posto de traballo, cargo ou actividade no sector público.

#### Sección 2.<sup>a</sup> *Réxime de funcionamento do Pleno*

#### Artigo 31. *Sesións.*

1. O Pleno reunirse en sesións ordinarias e extraordinarias.

Realízase, polo menos, unha sesión cada 15 días.

2. A realización de sesións extraordinarias acordarase o presidente, por propia iniciativa ou cando o soliciten, polo menos, dous conselleiros.

#### Artigo 32. *Constitución.*

1. Para a válida constitución do Pleno para os efectos da realización de sesións, deliberacións e adopción de acordos, requirirase a presenza de, polo menos, tres membros, uns dos cales será o presidente ou quen o substitúa como vicepresidente.

2. Os membros do Consello deben asistir persoalmente ás reunións. Sen prexuízo diso, o Pleno poderase constituír e adoptar acordos utilizando medios electrónicos, de conformidade co establecido na disposición adicional primeira da Lei 11/2007, do 22 de xuño, de acceso electrónico dos cidadáns aos servizos públicos. En todo caso, o sistema utilizado deberá asegurar unha comunicación confidencial multidireccional en tempo real e garantir a identificación inequívoca do respectivo membro e a autenticidade do seu voto no mesmo acto.

3. Ás sesións do Pleno asistirá o secretario xeral do Consello de Seguridade Nuclear, con voz pero sen voto, que actuará como secretario do órgano colexiado.

#### Artigo 33. *Convocatoria e orde do día.*

1. A convocatoria para cada sesión ordinaria será efectuada polo secretario do Pleno, por orde do presidente, cunha antelación mínima de corenta e oito horas sobre a hora prevista para o inicio desta e con indicación do día e do lugar de realización da sesión. Non obstante o anterior, o Pleno quedará validamente constituído cando, estando presentes o presidente e todos os conselleiros, así o acorden por unanimidade.

2. A convocatoria de sesión extraordinaria será efectuada polo secretario do Pleno, por orde do presidente, e terá lugar nun prazo non inferior a corenta e oito nin superior a setenta e dúas horas desde a dita convocatoria.

3. A orde do día das sesións do Pleno será fixada polo presidente tendo en conta as peticións dos demais membros, formuladas cunha antelación de, polo menos, setenta e dúas horas.

4. Non poderá ser obxecto de deliberación ou acordo ningún asunto que non figure na orde do día, salvo que estean presentes todos os membros do Pleno e sexa declarada a urxencia do asunto co voto favorable de todos os membros.

#### Artigo 34. *Debates e votacións.*

1. Corresponde ao presidente do Pleno dirixir as deliberacións e moderar os debates, concedendo e retirando o uso da palabra, garantindo a participación de todos os membros en condicións de igualdade e asegurando o respecto ao principio de contradición e ás quendas de réplica razoablemente necesarias.

Poderá, tamén razoadamente, acordar a suspensión da sesión facendo constar as causas que a determinan e as previsións de reinicio desta con plena garantía aos asistentes de reincorporación.

2. Calquera conselleiro poderá solicitar que se adíe a deliberación sobre algún asunto concreto ata a próxima sesión, expresando as causas para iso. O presidente denegará esta petición cando se trate dun asunto urxente que fose declarado como tal de acordo co disposto no artigo 33.4, ou que xa fose tratado en dúas sesións anteriores.

3. O presidente terá a facultade de acordar a conclusión do debate cando considere que o asunto está suficientemente tratado.

4. O Pleno adoptará os seus acordos por maioría de votos dos membros presentes. O presidente dirimirá, se é o caso, os empates co seu voto de calidade.

5. Os membros do Pleno discrepantes do acordo maioritario poderán formular voto particular por escrito no prazo de corenta e oito horas, expresando os motivos que o xustifican.

Os membros que voten en contra e os que se absteñan quedarán exentos da responsabilidade que, se é o caso, puiden derivar dos acordos adoptados.

#### Artigo 35. *Actas das reunións.*

1. O secretario xeral elaborará as actas das sesións e dará fe do contido dos acordos adoptados.

2. As actas expresarán necesariamente os asistentes, a orde do día da reunión, as circunstancias de tempo e lugar, os asuntos tratados, os motivos do acordo adoptado e o resultado da votación.

3. Figurarán na acta, por solicitude dos respectivos membros, o voto contrario ao acordo adoptado, a abstención e os motivos que os xustifiquen ou o sentido do voto favorable. Así mesmo, calquera membro ten dereito a solicitar a transcripción íntegra da súa intervención ou proposta, sempre que achegue no acto, ou no prazo que sinale o presidente, o texto que se corresponda fielmente coa súa intervención; farase así constar na acta ou unirase copia a esta.

4. As actas aprobaranse na mesma ou na seguinte sesión. Non obstante, o secretario xeral poderá emitir certificación dos acordos adoptados, sen prexuízo da ulterior aprobación da acta, facendo constar esta circunstancia.

5. Unha vez aprobadas, as actas serán asinadas polo secretario, co visto e prace do presidente, e daráselles publicidade a través de medios informáticos e telemáticos do Consello de Seguridade Nuclear.

6. Conservaranse xunto coas actas os ditames e documentos en que se apoien os acordos adoptados.

## CAPÍTULO III

**Do presidente e da Secretaría Xeral do Consello de Seguridade Nuclear**

Artigo 36. *O presidente.*

1. O presidente do Consello de Seguridade Nuclear, que o será do Pleno e do Comité Asesor, exercerá as seguintes competencias:

- a) Exercer a representación institucional do Consello de Seguridade Nuclear.
- b) Presentar o anteproxecto de orzamento ao Pleno e, unha vez aprobado por este órgano, remitilo ao Ministerio de Industria, Turismo e Comercio, para o seu traslado ao Ministerio de Economía e Facenda e integración nos orzamentos xerais do Estado.
- c) Elevar anualmente ao Ministerio da Presidencia a proposta da oferta de emprego público do Consello de Seguridade Nuclear, e informar o Pleno.
- d) Convocar os procedementos selectivos do persoal funcionario e laboral do Consello de Seguridade Nuclear.
- e) Convocar e resolver os procedementos de provisión de postos de traballo vacantes.
- f) Nomear os funcionarios en prácticas e os funcionarios de carreira do corpo de seguridade nuclear e protección radiolóxica e formalizar a contratación do persoal laboral ao servizo do Consello de Seguridade Nuclear.
- g) Nomear, oído o Pleno, o director do Gabinete da Presidencia.
- h) Nomear e cesar o persoal eventual, nos termos do artigo 49.8 deste estatuto e, oído o Pleno, nomear e cesar os titulares de postos cuxa provisión se efectúe mediante o sistema de libre designación, así como propor ao Pleno o nomeamento e cesamento dos subdirectores.
- i) Exercer a dirección, goberno e réxime disciplinario do persoal ao servizo do Consello de Seguridade Nuclear.
- j) Asegurar o cumprimento das decisións adoptadas polo Pleno e que expresamente se encomenden á Presidencia.
- k) Aprobar os gastos dos servizos, autorizar o seu compromiso e liquidación e ordenar os correspondentes pagamentos.
- l) Exercer as competencias sobre xeración de créditos e modificación orzamentaria contidas nos artigos 53.2 e 63.2 da Lei 47/2003, do 26 de novembro, xeral orzamentaria, e as demais que na dita norma lle están atribuídas.
- m) Aprobar e render as contas anuais, unha vez examinadas polo Pleno.
- n) Adquirir, coa autorización do Pleno, bens inmobles ou dereitos sobre eles, logo de informe favorable do ministro de Economía e Facenda, e solicitar do Ministerio de Economía e Facenda a adscrición de bens e dereitos para o cumprimento dos fins propios do Consello de Seguridade Nuclear, e a súa desadscrición cando deixen de ser necesarios.
- ñ) Exercer as funcións relativas á vixilancia, protección xurídica, defensa, inventario, administración e conservación dos bens propios do Consello de Seguridade Nuclear e dos bens adscritos a este e cantas outras competencias en materia patrimonial atribúa a Lei 33/2003, do 3 de novembro, do patrimonio das administracións públicas, e informar o Pleno das decisións adoptadas nos supostos que o dito órgano solicite e, en todo caso, nos de maior transcendencia.
- o) Coñecer das reclamacións previas á vía xudicial civil ou laboral e do recurso de reposición que se poida interpor contra os seus propios actos.
- p) Actuar como órgano de contratación do Consello de Seguridade Nuclear celebrando todos os contratos e convenios que sexan necesarios ou que resulten convenientes para a realización das funcións do Consello. Requirirase a aprobación do Pleno naqueles casos en que este órgano o considere, de acordo co establecido no artigo 24.2.m) deste estatuto.
- q) Exercer a dirección de situacións de emerxencia, de acordo co que ao respecto estableza o Plan de Emerxencias.



r) Cumprir e facer cumprir as disposicións polas cales se rexan o Pleno e o Comité Asesor e os acordos adoptados por ambos os dous órganos.

s) Designar, logo de informe favorable do Pleno, os expertos nacionais ou estranxeiros membros do Comité Asesor e das comisións asesoras técnicas.

t) Exercer cantas outras funcións sexan inherentes á súa condición de presidente do Pleno e de presidente dunha entidade do sector público estatal, nos termos que estableza a normativa aplicable.

2. Nos casos de vacante, ausencia ou enfermidade, o presidente será substituído polo vicepresidente; en defecto deste, polo conselleiro de maior antigüidade no cargo e, no caso de igual antigüidade, polo de maior idade.

3. O presidente poderá delegar o exercicio das súas competencias, de acordo co disposto no artigo 13 da Lei 30/1992, do 26 de novembro. No caso de que a delegación se realice nun conselleiro, será requisito necesario a aceptación da delegación efectuada. O Pleno será informado de todas as delegacións de competencias por parte do presidente.

#### Artigo 37. *A Secretaría Xeral do Consello de Seguridade Nuclear.*

1. O Consello de Seguridade Nuclear estará asistido pola Secretaría Xeral deste, que é o órgano de dirección a que compete, baixo a inmediata dirección do presidente, no marco dos acordos adoptados polo Pleno e das directrices emitidas polas comisións internas creadas polo dito Pleno, segundo o disposto no artigo 24.4 deste estatuto, a prestación dos servizos comúns ao Consello de Seguridade Nuclear.

2. O titular da Secretaría Xeral actuará como secretario do Pleno e asistirá ás sesións do dito órgano con voz pero sen voto. En caso de vacante, ausencia ou enfermidade, será substituído polo conselleiro de menor idade, quen, dada a súa condición de membro do Pleno, si actuará con voz e voto. Actuará, así mesmo, como secretario do Comité Asesor.

3. Corresponde ao titular da Secretaría Xeral do Consello de Seguridade Nuclear, na súa condición de secretario do Pleno, o exercicio das seguintes funcións:

a) Asistir o presidente e os conselleiros na tramitación dos asuntos e xestións propios das súas funcións e na preparación das reunións do Pleno.

b) Asesorar sobre a legalidade dos asuntos e cuestións que se sometan ao Pleno.

c) Efectuar a convocatoria das sesións do Pleno por orde do seu presidente.

d) Recibir os actos de comunicación dos membros do Pleno dirixidos a este órgano e, polo tanto, as notificacións, peticións de datos ou calquera outra clase de escritos de que deban ter coñecemento.

e) Redactar e asinar as actas das sesións e expedir certificacións dos acordos adoptados polo Pleno.

f) Custodiar os expedientes e documentos do Pleno.

g) Exercer cantas outras funcións sexan inherentes á súa condición de secretario do órgano colexiado.

4. Correspóndelle á Secretaría Xeral do Consello de Seguridade Nuclear a dirección, impulso, coordinación e supervisión da actividade de todos os órganos do Consello de Seguridade Nuclear, así como a prestación dos servizos comúns a este e, en tal sentido, o exercicio das seguintes funcións:

a) Asesorar xuridicamente sobre todos os asuntos relacionados coas funcións e actividades do organismo.

b) Tramitar e emitir informe sobre as propostas de regulamentación, os proxectos de instrucións e as guías de seguridade.

c) Tramitar e emitir informe sobre os expedientes de contratación e dos convenios que celebre o Consello de Seguridade Nuclear.

d) Elaborar o anteproxecto de orzamento, asumir a xestión económico-financeira, contable e patrimonial do Consello de Seguridade Nuclear, xestionar o recoñecemento,

recadación e extinción das taxas e demais dereitos, e os servizos de pagadoría e caixa, e elaborar as contas anuais.

e) Emitir informe sobre a proposta de resolución dos recursos que se interpoñan contra actos do Pleno e do presidente e sobre a proposta de resolución das reclamacións previas dirixidas ao Consello de Seguridade Nuclear.

f) Xestionar os servizos de rexistro, arquivo e documentación e os de seguridade e vixilancia das instalacións do Consello de Seguridade Nuclear.

g) Xestionar os medios informáticos e telemáticos do Consello de Seguridade Nuclear, así como os sistemas de información que serven de apoio aos procesos corporativos.

h) Dotar o Consello de Seguridade Nuclear dos sistemas de comunicacións necesarios, e elaborar e manter políticas e sistemas de seguridade informática para protexer o seu funcionamento.

i) Coordinar a elaboración e o seguimento do plan estratéxico, dos plans e programas de traballo, e a implantación de medidas de mellora da calidade que se lle encomenden.

j) Desenvolver mecanismos de avaliación e de auditoría de procesos e realizar a avaliación interna independente do organismo.

k) Elaborar a proposta de plan anual de traballo correspondente aos órganos do Consello de Seguridade Nuclear e dirixir a súa execución unha vez aprobados.

l) Elaborar e someter ao Pleno para a súa aprobación o informe anual de actividades do Consello de Seguridade Nuclear.

m) Xestionar o réxime interior dos servizos e dependencias do Consello de Seguridade Nuclear, o equipamento das unidades administrativas, a conservación e o funcionamento dos edificios e as súas instalacións, as subministracións e o inventario dos bens mobles.

n) Establecer os programas de inspección dos servizos.

ñ) Exercer a xefatura directa do persoal, sen prexuízo das funcións do Pleno e do presidente.

o) Autorizar as comisións de servizo, con e sen dereito a indemnización, do persoal do Consello de Seguridade Nuclear.

p) Elaborar a relación circunstanciada de funcionarios do corpo de seguridade nuclear e protección radiolóxica.

q) Elevar ao Pleno as propostas relativas ao persoal e á xestión dos servizos do Consello de Seguridade Nuclear.

r) Propor os plans de formación do persoal, de acción social, de prevención de riscos laborais e de igualdade de oportunidades entre mulleres e homes.

s) Manter as relacións cos órganos de participación e representación do persoal.

t) Cantas funcións en materia de persoal e de xestión dos servizos se atribúen aos subsecretarios dos departamentos ministeriais pola normativa de función pública e que non estean atribuídas a outro órgano do Consello de Seguridade Nuclear neste estatuto.

u) Coordinar e avaliar as actividades de inspección das instalacións nucleares e radioactivas.

v) Efectuar a proposta, xestión e avaliación dos plans e programas de investigación e desenvolvemento promovidos polo Consello de Seguridade Nuclear.

5. O titular da Secretaría Xeral será designado polo Goberno, por proposta do ministro de Industria, Turismo e Comercio e logo de informe favorable do Pleno. O cargo de secretario xeral non poderá ser ocupado por persoas maiores de setenta anos.

6. O secretario xeral estará suxeito ao mesmo réxime de incompatibilidades que se establece respecto do presidente e dos conselleiros no artigo 27 deste estatuto e terá dereito a percibir a compensación económica que se regula nos seus artigos 30.2 e 30.3. O secretario xeral deberá gardar sixilo, segundo o previsto no artigo 28 deste estatuto.

7. O seu cesamento producirase por algunha das seguintes causas:

a) Por cumprir setenta anos.

b) Por petición propia.

c) Por estar comprendido nalgunha das incompatibilidades previstas na lei constitutiva do Consello.

d) Por decisión do Goberno mediante o mesmo trámite establecido para o seu nomeamento.

8. A retribución do secretario xeral do Consello de Seguridade Nuclear será autorizada mediante informe conxunto dos ministerios da Presidencia e de Economía e Facenda, na forma establecida nas leis de orzamentos xerais do Estado.

9. Da Secretaría Xeral do Consello de Seguridade Nuclear dependen, como órganos de dirección, a Dirección Técnica de Seguridade Nuclear e a Dirección Técnica de Protección Radiolóxica, co réxime xurídico, estrutura e funcións que se regulan nos artigos 38 e 39 deste estatuto.

10. Así mesmo, dependen directamente da Secretaría Xeral do Consello as subdireccións e unidades cuxa regulación figura no artigo 40 deste estatuto.

#### CAPÍTULO IV

##### **Das direccións técnicas de Seguridade Nuclear e de Protección Radiolóxica**

*Artigo 38. Direccións técnicas de Seguridade Nuclear e de Protección Radiolóxica.*

1. Os titulares das direccións técnicas de Seguridade Nuclear e de Protección Radiolóxica serán designados polo Goberno por proposta do ministro de Industria, Turismo e Comercio, logo de informe favorable do Consello de Seguridade Nuclear.

2. Os titulares dos ditos órganos de dirección estarán suxeitos ao mesmo réxime de incompatibilidades que se establece respecto do presidente e dos conselleiros no artigo 27 deste estatuto. As súas retribucións serán autorizadas mediante informe conxunto dos ministerios da Presidencia e de Economía e Facenda, na forma establecida nas leis de orzamentos xerais do Estado.

3. Así mesmo, deberán gardar sixilo, nos termos previstos no artigo 28 deste estatuto.

*Artigo 39. Funcións e estrutura das direccións técnicas.*

1. Corresponden á Dirección Técnica de Seguridade Nuclear as seguintes funcións:

a) Elaborar as propostas de resolución nas materias a que se refire o artigo 2 da Lei 15/1980, do 22 de abril, relativas á seguridade das instalacións nucleares, e os transportes de substancias nucleares ou materiais radioactivos, exceptuadas as instalacións de almacenamento de residuos radioactivos de media e baixa actividade e as instalacións en desmantelamento.

b) Realizar a avaliación, inspección e control das instalacións e actividades a que se refire o parágrafo anterior.

c) Elaborar as propostas de apertura de expedientes sancionadores e de adopción de medidas coercitivas, nos supostos regulados na Lei 25/1964, do 29 de abril, sobre enerxía nuclear, nas materias da súa competencia.

d) Iniciar, instruír e resolver os procedementos iniciados en virtude de comunicación formulada por persoas físicas ou xurídicas ao servizo das instalacións nucleares e radioactivas a que se refire o artigo 20 deste estatuto, nas materias da súa competencia.

e) Propor as normas técnicas e os proxectos de investigación necesarios para o mellor cumprimento das súas funcións.

f) Prestar apoio á Dirección Técnica de Protección Radiolóxica nos temas de seguridade nuclear.

2. Corresponden á Dirección Técnica de Protección Radiolóxica as seguintes funcións:

a) Elaborar as propostas de resolución nas materias a que se refire o artigo 2 da Lei 15/1980, do 22 de abril, relativas á protección radiolóxica das persoas, ao control e

vixilancia da calidade radiolóxica do ambiente, ás instalacións radioactivas, ao control das fontes de radiación, ás empresas que prestan servizos técnicos de protección radiolóxica, á xestión dos residuos radioactivos de media e baixa actividade, ao desmantelamento e clausura de instalacións nucleares e radioactivas, e ás emerxencias e plans de protección física; e igualmente, tramitar as propostas de comunidades autónomas con acordo de encomenda de funcións en relación coas materias que teñan encomendadas.

b) Realizar a avaliación, inspección e control das instalacións e actividades a que se refire o parágrafo anterior.

c) Elaborar as propostas de apertura de expedientes sancionadores e de adopción de medidas coercitivas, nos supostos regulados na Lei 25/1964, do 29 de abril, sobre enerxía nuclear, nas materias da súa competencia.

d) Iniciar, instruír e resolver os procedementos iniciados en virtude de comunicación formulada por persoas físicas ou xurídicas ao servizo das instalacións nucleares e radioactivas a que se refire o artigo 20 deste estatuto, nas materias da súa competencia.

e) Propor as normas técnicas e os proxectos de investigación necesarios para o mellor cumprimento das súas funcións.

f) Prestar apoio á Dirección Técnica de Seguridade Nuclear nos temas de protección radiolóxica.

3. Dependem da Dirección Técnica de Seguridade Nuclear as seguintes subdireccións:

a) A Subdirección de Instalacións Nucleares, á cal corresponde o exercicio das seguintes funcións:

1.º Realizar avaliacións e inspeccións, así como formular propostas, relativas ás centrais nucleares, ás fábricas de produción de combustible ou de tratamento de substancias nucleares, e aos transportes de substancias nucleares ou materiais radioactivos.

2.º Realizar o control e seguimento das instalacións e actividades a que se refire o parágrafo anterior, incluíndo a experiencia operativa, e propor as medidas coercitivas que correspondan.

3.º Manter unha supervisión permanente das actividades dos titulares no lugar das centrais nucleares, mediante os inspectores residentes desprazados a elas.

4.º Colaborar coas autoridades competentes en materia de salvagardas, cando así sexa requirido.

b) A Subdirección de Enxeñaría, á cal corresponde o exercicio das seguintes funcións:

1.º Avaliar e inspeccionar o deseño, construción e operación das estruturas, sistemas e compoñentes das instalacións nucleares en función da súa importancia para a seguridade e a súa contribución ao risco.

2.º Avaliar e inspeccionar os aspectos neutrónicos, termohidráulicos e de criticidade, relacionados co deseño, construción e operación das instalacións nucleares, así como as propostas de recarga e o comportamento do combustible.

3.º Avaliar e inspeccionar os programas de mantemento e xestión do envellecemento das instalacións nucleares.

4.º Avaliar e inspeccionar as características dos lugares das instalacións para determinar a súa influencia sobre a seguridade destas.

c) A Subdirección de Tecnoloxía Nuclear, á cal corresponde o exercicio das seguintes funcións:

1.º Avaliar e inspeccionar as análises probabilistas do risco das instalacións e a súa aplicación á seguridade destas e á maior eficacia da actividade reguladora.

2.º Avaliar e inspeccionar os temas relativos a formación, a factores humanos e ao sistema de xestión dos titulares, incluíndo a xestión da calidade.

3.º Propor a concesión e renovación das licenzas para o persoal de operación das instalacións nucleares a que se refiren os parágrafos a.1º) e c. 5º).

4.º Desenvolver novas metodoloxías e ferramentas para a avaliación da seguridade das instalacións.

5.º Realizar avaliacións e inspeccións e formular propostas relativas á xestión do combustible gastado e aos residuos de alta actividade, así como ás instalacións para o seu almacenamento.

4. Dependen da Dirección Técnica de Protección Radiolóxica as seguintes subdireccións:

a) A Subdirección de Protección Radiolóxica Ambiental, á cal corresponden as seguintes funcións:

1.º Realizar avaliacións e inspeccións, así como formular propostas relativas á protección radiolóxica do público e do ambiente, ás instalacións radioactivas do ciclo do combustible e ás minas de uranio, ao desmantelamento e clausura das instalacións nucleares e das radioactivas do ciclo e á xestión de residuos de baixa e media actividade.

2.º Realizar o control das instalacións e actividades a que se refire o parágrafo anterior e propor, se é o caso, as medidas coercitivas que correspondan.

3.º Vixiar e controlar a calidade radiolóxica do ambiente en todo o territorio español e no interior e exterior das instalacións nucleares e radioactivas e avaliar o impacto radiolóxico ambiental das instalacións e de calquera outra actividade que o puiden xerar. Realizar o control das correspondentes entidades e instalacións necesarias para levar a cabo estas funcións.

4.º Propor a concesión e renovación das licenzas para o persoal de operación das instalacións a que se refire o parágrafo a).1 do número 4 deste artigo.

5.º Realizar as propostas relativas ao control das exposicións debidas a radiación natural e para a xestión dos residuos que se xeren en instalacións que procesen materiais radioactivos naturais.

6.º Realizar as propostas relativas ao control de áreas contaminadas e sobre as situacións postaccidentais e as situacións de exposición perdurable.

b) A Subdirección de Protección Radiolóxica Operacional, á cal corresponden as seguintes funcións:

1.º Realizar avaliacións e inspeccións, así como formular propostas relativas ás instalacións radioactivas, agás as do ciclo de combustible, á protección radiolóxica dos traballadores e ás empresas que prestan servizos técnicos de protección radiolóxica. Realizar a coordinación técnica das actividades que realizan as comunidades autónomas con acordos de encomenda de funcións do Consello de Seguridade Nuclear nestes ámbitos.

2.º Realizar o control e seguimento das actividades e instalacións a que se refire o parágrafo anterior e propor as medidas coercitivas que correspondan.

3.º Propor os programas de formación, a homologación de cursos e programas, así como a concesión e renovación de diplomas e licenzas que acrediten a formación en materia de protección radiolóxica do persoal de operación das instalacións radioactivas (agás as do ciclo de combustible) e das empresas que prestan servizos de técnicos de protección radiolóxica.

4.º Xestionar o control dosimétrico dos traballadores expostos, así como as actividades atribuídas ao Consello en relación coa protección operacional dos traballadores externos con risco de exposición a radiacións ionizantes por intervención en zona controlada.

5.º Realizar as propostas relativas á protección radiolóxica dos pacientes sometidos a procedementos de diagnóstico ou de tratamento con radiacións ionizantes, e participar nos estudos que se realicen neste ámbito, en colaboración coas autoridades sanitarias.

6.º Realizar o control sobre a seguridade tecnolóxica e física das fontes de radiación autorizadas e xestionar o inventario nacional de fontes radioactivas de alta actividade.

c) A Subdirección de Emerxencias e Protección Física, á cal corresponden as seguintes funcións:

1.º Realizar avaliacións e inspeccións relativas á xestión de emerxencias, os plans de emerxencia interior e de protección física das instalacións, actividades e materiais nucleares e propor os criterios aplicables nestas materias ás instalacións e materiais radioactivos.

2.º Colaborar coas autoridades para a elaboración e aprobación dos criterios a que se deben axustar os plans de emerxencia radiolóxica e os de protección física, e para a implantación dos plans exteriores de emerxencia.

3.º Manter a operatividade dos medios humanos, organizativos e técnicos do Consello de Seguridade Nuclear, necesarios para facer fronte a situacións de emerxencia radiolóxica, calquera que sexa a súa orixe, e xestionar a coordinación das actuacións do Consello de Seguridade Nuclear nestas situacións.

4.º Realizar as actuacións que correspondan ao Consello de Seguridade Nuclear en materia de colaboración coas autoridades nacionais e internacionais para a prevención do tráfico ilícito, o control radiolóxico en fronteiras e a prevención do delito nuclear ou radiolóxico, así como as actuacións do Consello destinadas á recuperación e ao control de fontes radioactivas orfas.

## CAPÍTULO V

### Das subdireccións e unidades dependentes da Secretaría Xeral

Artigo 40. *Subdireccións e unidades dependentes da Secretaría Xeral.*

1. Dependem da Secretaría Xeral do Consello de Seguridade Nuclear os órganos de traballo administrativos e xurídicos necesarios para o cumprimento dos seus fins e, en particular, as seguintes subdireccións:

a) A Subdirección de Persoal e Administración, á cal corresponde o exercicio das funcións atribuídas á Secretaría Xeral nas letras c), d), f), m) n), o), p), q), r), s) e t) do artigo 37, número 4, deste estatuto.

b) A Subdirección de Tecnoloxías da Información, á cal corresponde o exercicio das funcións atribuídas á Secretaría Xeral nas letras g) e h) do artigo 37, número 4, deste estatuto.

c) A Subdirección de Asesoría Xurídica, á cal corresponde, ademais de coordinar e xestionar as relacións cos órganos xudiciais e a defensa do Consello de Seguridade Nuclear ante estes, o asesoramento en dereito e a emisión de informe en relación coas funcións atribuídas á Secretaría Xeral nas letras a), b), c) e e) do artigo 37, número 4, deste estatuto.

2. Da Secretaría Xeral dependen, así mesmo, coa adscrición e nivel orgánico e retributivo que se determinen na relación de postos de traballo, as seguintes unidades:

a) A Unidade de Planificación, Avaliación e Calidade, á cal compete o exercicio das funcións atribuídas á Secretaría Xeral nas letras i), j) e k) do artigo 37, número 4, deste estatuto.

b) A Unidade de Inspección, á cal corresponde o exercicio das funcións atribuídas á Secretaría Xeral na letra u) do artigo 37, número 4 deste estatuto.

c) A Unidade de Investigación e Xestión do Coñecemento, á cal corresponde o exercicio das funcións atribuídas á Secretaría Xeral na letra v) do artigo 37, número 4,

deste estatuto, así como o desenvolvemento das tarefas de xestión do coñecemento e a promoción do aproveitamento e difusión dos seus resultados; elaborar as propostas de programas de formación técnica en áreas de seguridade nuclear, protección radiolóxica e protección física, e avaliar os seus resultados.

## CAPÍTULO VI

### **Dos órganos de asistencia á Presidencia e aos conselleiros**

Artigo 41. *Órganos de asistencia á Presidencia e aos conselleiros.*

1. A Presidencia do Consello de Seguridade Nuclear estará asistida por un gabinete técnico encargado de cumprir cantas tarefas específicas lle encomende o presidente, así como as relacionadas coas actividades do Pleno como órgano colexiado.

2. O director do Gabinete técnico será designado polo presidente do Consello de Seguridade Nuclear, oído o Pleno, terá nivel orgánico de subdirector e cesará automaticamente cando cese o titular do cargo de que depende.

3. Os conselleiros contarán, con carácter temporal ou permanente, cos medios e asesoramentos técnicos que lles permitan tomar as decisións co máximo coñecemento, obxectividade e independencia.

4. O persoal de apoio e asesoramento directo ao presidente e aos conselleiros terá o carácter de persoal eventual, nos termos establecidos no artigo 12 do Estatuto básico do empregado público.

## CAPÍTULO VII

### **Do Comité Asesor para a Información e Participación Pública**

Artigo 42. *Funcións do Comité Asesor.*

1. De acordo co disposto no artigo 15 da Lei 15/1980, do 22 de abril, corresponde ao Comité Asesor o exercicio das seguintes funcións:

a) Emitir recomendacións ao Consello de Seguridade Nuclear para garantir e mellorar a transparencia.

b) Propor ao Consello de Seguridade Nuclear as medidas que incentiven o acceso á información e a participación cidadá nas materias da competencia do Consello de Seguridade Nuclear.

2. As recomendacións e propostas que emita o Comité Asesor non terán carácter vinculante para o Consello de Seguridade Nuclear.

Artigo 43. *Composición do Comité Asesor e mandato dos seus membros.*

1. Son membros do Comité Asesor o presidente, o secretario do Comité e os sinalados no artigo 15 da Lei 15/1980, do 22 de abril.

2. A Presidencia e a Secretaría do Comité corresponden ao presidente e ao secretario xeral do Consello de Seguridade Nuclear. En caso de ausencia, vacante ou enfermidade, o presidente do Comité será substituído polo vicepresidente do Consello de Seguridade Nuclear, e o secretario, polo membro do Comité que para tal efecto designe o presidente. Os conselleiros do Consello de Seguridade Nuclear poderán asistir ás sesións do Comité Asesor con voz pero sen voto. De igual modo, poderán asistir os titulares das direccións técnicas cando se xulgue pertinente.

3. Os expertos nacionais ou estranxeiros a que se refire o punto 2.) do artigo 15 da Lei 15/1980, do 22 de abril, que se deban integrar no Comité Asesor, serán designados polo presidente do Consello de Seguridade Nuclear, logo de informe favorable do Pleno.

4. Os membros do Comité Asesor permanecerán no cargo durante un prazo de catro anos, renovable polo mesmo prazo para períodos sucesivos, salvo no caso dos

representantes das administracións públicas, cuxa permanencia como membros do Comité estará en función da permanencia no cargo.

5. Os membros do Comité Asesor deben asistir persoalmente ás sesións e seranlles reembolsados os gastos de desprazamento, aloxamento e manutención que a dita asistencia lles ocasione de acordo co establecido no Real decreto 462/2002, do 24 de maio, sobre indemnizacións por razón do servizo.

*Artigo 44. Réxime de funcionamento.*

O réxime de funcionamento do Comité Asesor axustarase ao establecido neste estatuto e, supletoriamente, ás disposicións sobre funcionamento de órganos colexiados, previstas no capítulo II do título II da Lei 30/1992, do 26 de novembro.

*Artigo 45. Sesións, convocatoria e orde do día.*

1. O Comité Asesor en pleno reunirse, polo menos, unha vez ao semestre en sesión ordinaria, logo de convocatoria efectuada cunha antelación mínima de 15 días. O Pleno poderase reunir tamén en sesión extraordinaria, cando o decida o presidente ou o solicite a metade máis un dos seus membros, convocatoria que se realizará cunha antelación mínima de setenta e dúas horas.

2. A convocatoria ordinaria efectuarase o secretario, por orde do presidente, e deberá incluír a hora, o día e o lugar da reunión que vai ter lugar, así como a orde do día da sesión e a documentación específica sobre os temas que se van tratar.

3. Poderase ampliar a orde do día ou remitirse documentación complementaria por parte da Secretaría ata corenta e oito horas antes da realización da sesión.

4. Nas sesións ordinarias poderá ser obxecto de deliberación e, se é o caso, de acordo, calquera asunto non incluído na orde do día, sempre que estean presentes todos os membros do Comité e sexa declarada a urxencia do asunto polo voto favorable da maioría.

5. O Comité Asesor poderá solicitar do Consello de Seguridade Nuclear aquela información que considere necesaria para o exercicio da súa función.

*Artigo 46. Quórum de constitución e de adopción de acordos.*

1. Para a válida constitución do Comité será necesaria a presenza do presidente e do secretario, ou das persoas que os substitúan, e de dous terzos polo menos dos seus membros, nunha primeira convocatoria.

Será posible abrir unha segunda convocatoria, cunha distancia temporal de trinta minutos, e requirirase a presenza do presidente e do secretario, ou das persoas que os substitúan, e de tres quintos, polo menos, dos membros do Comité.

2. Os acordos adoptaranse por maioría de votos dos membros presentes e dirimirá os empates o presidente mediante o seu voto de calidade. A votación será secreta se así o acorda un terzo dos membros do Comité presentes.

## CAPÍTULO VIII

### Das comisións asesoras técnicas

*Artigo 47. Comisións asesoras técnicas.*

1. De acordo co previsto no artigo 4.5 da Lei 15/1980, do 22 de abril, o Pleno poderá constituír comisións externas de asesoramento técnico, que actuarán como órgano de asistencia a este para o exercicio das súas funcións. As comisións elaborarán os informes, as avaliacións e os estudos técnicos que lles sexan solicitados polo Pleno, que non terán carácter vinculante para este último.

2. A designación dos membros das comisións corresponde ao presidente do Consello de Seguridade Nuclear, logo de informe favorable do Pleno, entre persoas que gocen de recoñecida solvencia nas materias de seguridade nuclear, tecnoloxía, protección radiolóxica



e do ambiente, medicina, lexislación ou calquera outra conexas anteriores, así como en enerxía en xeral ou seguridade industrial. As comisións estarán integradas por un máximo de dez expertos.

3. As comisións serán convocadas por iniciativa do seu presidente, coa frecuencia necesaria para o cumprimento dos seus fins, axustando o seu funcionamento ao previsto neste artigo e, en defecto de norma aplicable, ao disposto en materia de órganos colexiados pola Lei 30/1992, do 26 de novembro.

4. Para realizaren os seus traballos, as comisións poderán solicitar do Consello de Seguridade Nuclear ou doutras entidades a colaboración que resulte necesaria.

5. A participación dos expertos será remunerada de conformidade co establecido no Real decreto 462/2002, do 24 de maio, sobre indemnizacións por razón do servizo.

6. Sen prexuízo do establecido nos números anteriores, o Pleno poderá acordar a constitución dunha comisión asesora ad hoc para o exercicio das concretas funcións asesoras de carácter técnico que se determinen. A comisión asesora quedará disolta automaticamente unha vez que cumpra a específica función que lle fose encomendada.

### TÍTULO III

#### Do persoal ao servizo do Consello de Seguridade Nuclear

#### CAPÍTULO I

#### Disposicións xerais

##### Artigo 48. *Do persoal do Consello.*

O persoal ao servizo do Consello de Seguridade Nuclear estará constituído:

- a) Polo persoal funcionario.
- b) Polo persoal laboral, xa sexa fixo, por tempo indefinido ou temporal.
- c) Polo persoal eventual.

##### Artigo 49. *Réxime do persoal.*

1. O persoal ao servizo do Consello de Seguridade Nuclear poderá ser funcionario de carreira ou laboral.

2. En todo caso, o exercicio das funcións que impliquen a participación directa ou indirecta no exercicio das potestades públicas ou na salvagarda dos intereses xerais do Estado e das administracións públicas corresponden exclusivamente aos funcionarios de carreira.

3. O persoal funcionario de carreira do Consello de Seguridade Nuclear rexerá polo disposto na Lei 7/2007, do 12 de abril, do Estatuto básico do empregado público, e nas demais normas aplicables ao persoal funcionario da Administración xeral do Estado, sen prexuízo das especificidades previstas neste estatuto.

4. O persoal laboral rexerá pola lexislación laboral, polas normas convencionalmente aplicables e polos preceptos do Estatuto básico do empregado público que lle sexan de aplicación.

5. A selección de persoal laboral levarase a cabo mediante procedementos en que se garantan os principios reitores contidos no artigo 55 da Lei 7/2007, do 12 de abril, do Estatuto básico do empregado público.

6. Os sistemas selectivos de persoal laboral fixo serán os de oposición, concurso-oposición ou concurso de valoración de méritos.

7. Corresponderá ao presidente do Consello de Seguridade Nuclear acordar o nomeamento do persoal laboral mediante a formalización dos contratos, logo de xustificación das condicións de capacidade e requisitos exixidos na convocatoria.

8. O presidente do Consello de Seguridade Nuclear poderá nomear ata un máximo de cinco asesores e outro persoal eventual nos termos establecidos no Estatuto básico do empregado público, para a realización de funcións de confianza ou asesoramento especial,

con cargo á dotación orzamentaria consignada para tal fin. Así mesmo, cada conselleiro poderá nomear e cesar un asesor para a realización deste tipo de funcións, así como propor á Presidencia o nomeamento e cesamento de dúas persoas con funcións de apoio administrativo. Tanto o nomeamento coma o cesamento serán libres e o cesamento producirase, en todo caso, cando se produza o cesamento do presidente ou conselleiro a que preste a función de confianza ou asesoramento.

9. O persoal do Consello de Seguridade Nuclear deberá gardar sixilo, mesmo despois de cesar nas súas funcións, de cantas informacións reservadas ou confidenciais tivese coñecemento no exercicio das súas funcións.

#### Artigo 50. *Subdirectores.*

Os subdirectores serán libremente nomeados e cesados nos seus postos de traballo, por acordo do Pleno, por proposta do presidente do Consello de Seguridade Nuclear, atendendo a principios de mérito e capacidade, competencia profesional e experiencia, e a criterios de idoneidade, o que se levará a cabo mediante procedementos que garantan a publicidade e concorrencia, entre funcionarios de carreira do grupo A, subgrupo A1, dos recollidos no artigo 76 do Estatuto básico do empregado público. A súa designación levarase a cabo mediante procedementos que garantan a publicidade e permanecerán en situación de servizo activo no seu respectivo corpo.

#### Artigo 51. *Ordenación de postos.*

1. O Consello de Seguridade Nuclear contará cunha relación de postos de traballo de persoal funcionario e outra relación de postos de traballo do persoal laboral.

2. Na relación de postos de traballo de persoal funcionario constarán os postos que deban ser desempeñados por persoal funcionario, así como a denominación dos postos, os grupos de clasificación profesional, os corpos ou escalas, se é o caso, a que estean adscritos, os sistemas de provisión e as retribucións complementarias.

#### Artigo 52. *Provisión de postos de traballo.*

1. A provisión de postos de persoal funcionario levarase a cabo polos procedementos de concurso e de libre designación con convocatoria pública, conforme o establecido na relación de postos de traballo. En todo caso, proveranse polo sistema de libre designación os postos de subdirectores.

2. A provisión de postos do persoal laboral realizarase de conformidade co que establezan os correspondentes convenios colectivos aplicables e, no seu defecto, polo sistema de provisión de postos do persoal funcionario de carreira.

3. As correspondentes convocatorias de provisión de postos de traballo serán aprobadas por resolución do presidente do Consello de Seguridade Nuclear, en termos análogos aos establecidos para a Administración xeral do Estado.

4. O Consello de Seguridade Nuclear determinará o contido das convocatorias e seleccionará o seu persoal mediante órganos de selección propios, que garantirán os principios de igualdade, mérito, capacidade, publicidade, acceso ao emprego das persoas con discapacidade e igualdade de trato entre homes e mulleres.

5. O persoal ao servizo do Consello de Seguridade Nuclear será inscrito no Rexistro Central de Persoal da Administración xeral do Estado ou naquel que estableza en cada momento a lexislación vixente.

#### Artigo 53. *Carreira profesional.*

O persoal funcionario que preste servizos no Consello de Seguridade Nuclear verá recoñecido o seu dereito á progresión dentro dunha carreira profesional avaliable, de conformidade coas previsións establecidas na Lei 7/2007, do 12 de abril, do Estatuto básico do empregado público. O Pleno do Consello aprobará o sistema de carreira profesional do dito persoal funcionario, tendo en conta, particularmente, a especificidade do corpo de seguridade nuclear e protección radiolóxica.

## Artigo 54. *Avaliación do desempeño.*

No marco da política de recursos humanos, e conforme os principios establecidos na Lei 7/2007, do 12 de abril, do Estatuto básico do empregado público, establecerase un sistema de avaliación que sirva de instrumento obxectivo para a valoración do desempeño do posto de traballo, para os efectos retributivos e de carreira profesional do persoal ao servizo do organismo. O correspondente sistema de avaliación que permitirá valorar os rendementos colectivos das unidades, así como realizar unha valoración individual do desempeño de cada posto de traballo, será aprobado polo Pleno.

## CAPÍTULO II

### **Do corpo de seguridade nuclear e protección radiolóxica**

#### Artigo 55. *Réxime xurídico.*

1. O persoal técnico do Consello de Seguridade Nuclear estará formado polos funcionarios do corpo de seguridade nuclear e protección radiolóxica, que constitúe un corpo especial e se integra en dúas escalas: escala superior e escala técnica, clasificadas no grupo A, subgrupo A1 e subgrupo A2, respectivamente, dos recollidos no artigo 76 do Estatuto básico do empregado público.

2. O réxime de ingreso, provisión de postos, situacións administrativas, promoción profesional, mobilidade, incompatibilidades e demais dereitos e deberes dos funcionarios do corpo de seguridade nuclear e protección radiolóxica será o mesmo que o dos funcionarios da Administración xeral do Estado, e rexeráse polas súas disposicións de aplicación xeral, sen prexuízo das especificidades contidas neste estatuto, derivadas do ámbito funcional propio do dito corpo.

#### Artigo 56. *Funcións.*

1. Os funcionarios da escala superior do corpo de seguridade nuclear e protección radiolóxica realizarán funcións de dirección, estudo e avaliación, inspección e control, propostas e informes, relativas ás misións que legal e regulamentariamente competen ao Consello de Seguridade Nuclear, e desenvolverán calquera outra de carácter administrativo superior que lles sexa requirida.

2. Os funcionarios da escala técnica do dito corpo realizarán funcións de apoio e colaboración nas que correspondan aos funcionarios da escala superior, así como as de estudo e avaliación, inspección e control e propostas e informes que se lles encomenden, adecuadas aos requisitos e probas exixidos para o ingreso nesta escala.

#### Artigo 57. *Selección.*

1. A selección dos aspirantes ao ingreso no corpo de seguridade nuclear e protección radiolóxica realizarase mediante concurso-oposición, que se rexerá polas bases da convocatoria que aprobe o Pleno.

2. Para o ingreso no corpo de seguridade nuclear e protección radiolóxica, en calquera das dúas escalas que o integran, será necesario estar en posesión do título universitario de graduado ou graduada. Así mesmo, e nos termos previstos na disposición transitoria terceira da Lei 7/2007, do 12 de abril, do Estatuto básico do empregado público, habilitarán para o ingreso na escala superior os títulos universitarios oficiais de doutor, licenciado, enxeñeiro ou arquitecto e, para o ingreso na escala técnica, os títulos universitarios oficiais de diplomado universitario, enxeñeiro técnico e arquitecto técnico, correspondentes todos eles á anterior ordenación universitaria.

3. Os candidatos ao ingreso no corpo de seguridade nuclear e protección radiolóxica que, unha vez superadas as probas selectivas, de acordo co establecido na convocatoria, tivesen que seguir un programa de formación ou período de prácticas, serán nomeados funcionarios en prácticas polo presidente, cos dereitos que se determinen nas normas de función pública da Administración xeral do Estado.

4. Superado o programa de formación ou o período de prácticas, os candidatos cualificados como aptos serán nomeados funcionarios de carreira polo presidente do Consello.

Artigo 58. *Formación.*

1. O Consello de Seguridade Nuclear promoverá os mecanismos e instrumentos necesarios para a formación permanente, perfeccionamento e especialización técnica dos funcionarios do corpo de seguridade nuclear e protección radiolóxica, os cales teñen o deber de asistir, cando para iso foren expresamente designados, aos cursos que se puideren organizar sobre materias relacionadas con actividades propias do Consello de Seguridade Nuclear.

2. Os cursos de especialización ou perfeccionamento seguidos polos funcionarios, así como os certificados de aptitude ou diplomas obtidos, anotaranse no seu expediente persoal e no Rexistro Central de Persoal da Administración xeral do Estado.

Artigo 59. *Relación circunstanciada.*

1. Cada cinco anos, mediante resolución do secretario xeral do Consello de Seguridade Nuclear, actualizarase a relación dos funcionarios que integran o corpo de seguridade nuclear e protección radiolóxica, que contará polo menos coa seguinte información:

- a) Nome e apelidos.
- b) Data de ingreso.
- c) Situación administrativa.
- d) Posto, cargo ou destino que desempeña.
- e) Número xeral que ocupa na relación de funcionarios.

#### TÍTULO IV

##### **Réxime de contratación e asistencia xurídica**

Artigo 60. *Réxime xeral de contratación.*

1. O Consello de Seguridade Nuclear axustará a súa actividade contractual ao disposto na Lei 30/2007, do 30 de outubro, de contratos do sector público, e o seu réxime de contratación será o propio dunha Administración pública.

2. De conformidade co establecido no artigo 8.2 da Lei 15/1980, do 22 de abril, o Consello de Seguridade Nuclear adoptará as medidas necesarias que garantan que as persoas ou empresas por el contratadas respecten a obriga de independencia durante a prestación dos seus servizos. En ningún caso poderá contratar os servizos de persoas ou empresas vinculadas cos afectados polos servizos obxecto de contratación.

Artigo 61. *Asistencia xurídica.*

A asistencia xurídica ao Consello de Seguridade Nuclear, consistente no asesoramento e representación e defensa en xuízo do Consello, poderá corresponder aos avogados do Estado integrados no Servizo Xurídico do Estado, mediante a formalización do oportuno convenio para o efecto nos termos previstos na Lei 52/1997, do 27 de novembro, de asistencia xurídica ao Estado e institucións públicas.

Así mesmo, o Consello de Seguridade Nuclear poderá acordar con outras entidades a prestación da dita asistencia xurídica.

## TÍTULO V

**Réxime patrimonial, orzamentario, de control da xestión económico-financeira e contable**Artigo 62. *Patrimonio.*

1. O Consello de Seguridade Nuclear terá patrimonio propio, independente do patrimonio da Administración xeral do Estado, integrado polo conxunto de bens e dereitos de que é titular.

2. Así mesmo, o Consello de Seguridade Nuclear gozará dos bens do patrimonio do Estado que lle sexan adscritos para o cumprimento dos seus fins.

3. Os recursos económicos con que contará o Consello de Seguridade Nuclear para o cumprimento dos seus fins están integrados polos seguintes bens, dereitos e ingresos:

- a) Os bens e dereitos que constitúen o seu patrimonio e os produtos e rendas destes.
- b) Os ingresos que proveñan das taxas e prezos públicos regulados na Lei 14/1999, do 4 de maio.
- c) As asignacións que se establezan anualmente con cargo aos orzamentos xerais do Estado.
- d) Calquera outro que legalmente lle puiden ser atribuído.

4. De conformidade co disposto no artigo 9 da Lei 33/2003, do 3 de novembro, a xestión, administración e explotación dos bens e dereitos do patrimonio do Estado que sexan de titularidade do Consello de Seguridade Nuclear ou que se lle adscriban correspóndenlle a este, con suxeición ao disposto neste estatuto e na citada Lei 33/2003, do 3 de novembro.

Artigo 63. *Bens propios.*

O Consello de Seguridade Nuclear poderá adquirir toda clase de bens e dereitos por calquera dos modos admitidos en dereito e de acordo cos procedementos establecidos na Lei 33/2003, do 3 de novembro. A adquisición de bens inmobles ou de dereitos sobre eles requirirá o informe previo favorable do Ministerio de Economía e Facenda.

Artigo 64. *Recadación.*

1. A xestión e recadación das taxas, prezos públicos e calquera outro recurso público cuxa xestión tributaria estea atribuída ao Consello de Seguridade Nuclear, correspóndelle ao dito organismo, e poderase utilizar para a súa efectividade o procedemento administrativo de constrinximento.

2. O Consello de Seguridade Nuclear poderá convir coa Axencia Estatal de Administración Tributaria a xestión recadatoria en período executivo dos seus recursos de dereito público, na forma prevista no Regulamento xeral de recadación aprobado polo Real decreto 939/2005, do 29 de xullo.

Artigo 65. *Orzamento.*

1. O Consello de Seguridade Nuclear elaborará anualmente o anteproxecto de orzamento con suxeición ao disposto na Lei 47/2003, do 26 de novembro, xeral orzamentaria, que remitirá, a través do Ministerio de Industria, Turismo e Comercio, ao Ministerio de Economía e Facenda, para a súa elevación ao Goberno e posterior remisión ás Cortes Xerais, integrado nos orzamentos xerais do Estado.

2. A elaboración do anteproxecto de orzamento correspóndelle ao secretario xeral e a súa aprobación ao Pleno.

3. A execución e modificación do orzamento do Consello de Seguridade Nuclear rexeranse polas disposicións da Lei 47/2003, do 26 de novembro, xeral orzamentaria, que lle sexan de aplicación.

4. O Consello de Seguridade Nuclear poderá dispor de contas bancarias de xestión para todo tipo de ingresos e pagamentos no Banco de España e na banca comercial.

*Artigo 66. Contabilidade.*

A contabilidade do Consello de Seguridade Nuclear rexeráse polo título V da Lei 47/2003, do 26 de novembro, xeral orzamentaria. A formación e rendición das súas contas efectuarase de acordo cos principios contables públicos do artigo 122 da dita lei e cos principios e normas establecidas no Plan Xeral de Contabilidade Pública e nas súas normas de desenvolvemento, para o cal contará cun sistema de información económico-financeiro e orzamentario que teña por obxecto mostrar, a través destes estados e informes, a imaxe fiel do patrimonio, da situación financeira, dos resultados e da execución do orzamento e proporcione información dos custos sobre a súa actividade que sexa suficiente para unha correcta e eficiente adopción de decisións.

*Artigo 67. Control económico e financeiro.*

1. O control da xestión económico-financeira do Consello de Seguridade Nuclear efectuarase conforme o disposto na Lei 47/2003, do 26 de novembro, xeral orzamentaria.

2. A Intervención Delegada da Intervención Xeral da Administración do Estado no Consello de Seguridade Nuclear exercerá, nos termos previstos na Lei xeral orzamentaria, o control interno da xestión económica e financeira deste, que se realizará baixo as modalidades de control financeiro permanente e de auditoría pública, sen prexuízo do control externo que lle corresponde exercer ao Tribunal de Contas.